

Hoxe reuniuse o grupo de traballo para temas de saúde laboral do Ministerio e que inclúe a MUFACE, INAP e temporalmente á Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA).

Achegamos un resumo informativo dos temas tratados:

INSPECCIÓN DE TELECOMUNICACIÓN

Epis do persoal das Xefaturas Provinciais de Inspección de Telecomunicacións. Este ano vai haber cambios. Vaise dar opción entre botas e zapatillas, entregarase una gorra con protección contra os golpes, un polo con alta visibilidade, chaleco e cambia o modelo de pantalón por outro de alta visibilidade. Tamén se entregarán luvas e gafas de protección ocular e se recollen as peticións feitas polas Xefaturas Provinciais.

Medicións de Radón. Das avaliacións que se fixeron a única que superou os 300 bq. foi a Xefatura de Pontevedra cunha zona con 307 bq e outra con 369 bq. Agora estase facendo unha nova medición continua en todo o edificio, que é compartido, porque noutros andares deu valores máis elevados.

MUFACE

Avaliación de riscos psicosociais. Este ano farase a avaliación nas Direccións Provinciais da Coruña e Pontevedra. Aínda non están fixadas as datas e cabe a posibilidade de que se faga noutras unidades cando se asine o novo contrato co servizo de prevención externo.

Medicións de Radón. Este ano vaise facer na Dirección Provincial de Pontevedra.

Violencia no traballo. Houbo 4 casos de agresión, tres verbais e una verbal e física ao vixiante de seguridade. Todos os casos foron fora de Galicia.

Lembramos a importancia de dar parte das agresións para poder reclamar medidas de seguridade.

AXENCIA ESPAÑOLA DE SUPERVISIÓN DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

A persar de haber un punto da orde do día pedindo información sobre a avaliación de postos da Axencia, esta nin mandou información nin asistiu á

reunión. Dende a CIG queixámonos da actitude desta axencia e pedimos que asista ás reunións e remita a información que se lle solicita.

Por parte do Ministerio indicaron que ao ser unha axencia debería crear os seus propios órganos de negociación con representación sindical e que esperan informarnos destes cambios na vindeira reunión de Mesa Delegada, en setembro.